

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

Resolución do 21 de febreiro do 2005 pola que se convoca e regula a concesión de axudas ás organizacións de consumidores para a realización de proxectos de mellora do mercado en relación cos intereses dos consumidores e usuarios para o ano 2005.

Introdución.

O artigo 26 do Estatuto galego do consumidor e usuario, establece que os poderes públicos promoverán a educación e a formación permanente dos consumidores ou usuarios, coa finalidade de que poidan acadar e desenvolver un comportamento en liberdade e responsabilidade, no mercado de bens e servizos, e cheguen a coñecer os seus dereitos e deberes e a maneira axeitada de exercelos.

A globalización dos mercados, as novas tecnoloxías e sistemas de comunicación e de consumo, obrigan a desenvolver accións e crear infraestruturas que sexan capaces de prever as necesidades de formación e de asesoramento e información que requirirán os consumidores, en consecuencia cos cambios que se están a producir na oferta de produtos e servizos e nos dereitos que, en relación ao anterior, lles deben ser recoñecidos.

A política da Xunta de Galicia en materia de protección dos consumidores enmarcada no Plan Estratégico de Protección ao Consumidor 2002-2005, recolle no seu obxectivo I a necesidade de crear unha conciencia colectiva dos consumidores como axentes activos, propiciando para iso a información e formación que lles permita actuar axeitadamente nun mercado máis complexo, converxente e sofisticado.

Froito desta planificación estratéxica son o Libro Branco da Educación para o Consumo en Galicia e o Plan Cuadrienal de Educación do Consumidor en Galicia para o período 2005-2008, que partindo da base de que a formación dos consumidores é determinante para a súa protección, senta as bases dunha formación permanente na que é preciso contar coa colaboración das organizacións de consumidores, que deberán ao mesmo tempo prepararse cada día máis para cumprir con este importante papel de capacitación dos cidadáns como partícipes activos do mercado.

As organizacións de consumidores teñen que prestar servizos de calidade ao cidadán que os demanda e incrementar a eficacia da súa actuación pública e representativa, o que require un sistema de financiamento abondo para a actividade que realicen a través de programas concretos de actuación.

Esta resolución, ten por obxecto convocar axudas ás organizacións de consumidores para a realización de proxectos de mellora do mercado en relación cos intereses dos consumidores para o ano 2005 e establecer as bases aplicables a esta liña de subvención, no sentido de especificar os criterios que se terán en conta á hora de determinar a concesión de cada

un dos proxectos obxecto da subvención, de acordo ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Así atendendo o anteriormente sinalado como marco de apoio ás accións tendentes á defensa dos dereitos dos consumidores galegos,

DISPONGO:**Artigo 1º.-Obxecto.**

Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade, non-discriminación, eficacia e eficiencia e terán como finalidade financiar os proxectos de mellora do mercado en relación cos intereses dos consumidores e usuarios que realicen as organizacións de consumidores durante o ano 2005.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios destas axudas as organizacións de consumidores que estean inscritas, con anterioridade á publicación desta convocatoria, na Sección Xeral do Rexistro de Organizacións de Consumidores e Usuarios de Galicia á que se refire o Decreto 95/1984, do 24 de maio.

Artigo 3º.-Requisitos dos beneficiarios.

Para que as organizacións poidan beneficiarse destas axudas deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Dispoñer dun mínimo de 500 socios e un orzamento mínimo anual de 12.000 euros.
2. Atoparse adheridas ao Sistema Arbitral de Consumo a través da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia, tendo o deber de participar nos colexios arbitrais a través dos árbitros designados por elas.
3. Para o financiamento dos proxectos descritos no apartado 1 do artigo 4º, será exixible que a organización dispoña de oficina de atención ao consumidor, aberta ao público cun mínimo de 20 horas semanais e deberá cumprir coas obrigas recollidas no Decreto 185/1994.
4. Non estar incurso nalgunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non poderán ser beneficiarias destas axudas aquelas organizacións que, incumprindo manifestamente os seus deberes legais, non colaborasen ou non facilitasen a información solicitada polo Instituto Galego de Consumo. Tampouco poderán ser beneficiarias aquelas organizacións que séndolle concedida unha axuda en anteriores convocatorias non xustificasen o investimento subvencionado. Isto último non será de aplicación no caso de que xustificasen parcialmente.

Artigo 4º.-Investimento subvencionable.

As axudas recollidas nesta resolución destinaranse á realización dos proxectos seguintes:

1. Asesoramento e asistencia técnica mediante o apoio á creación de gabinetes xurídicos para a pres-

tación de servizos en materia de consumo. O persoal que se vai subvencionar non poderá formar parte da xunta directiva da organización.

2. Proxectos que contribúan a incrementar o número de adhesións ao sistema arbitral de consumo e, en especial, en sectores de gran relevancia social, como é o caso dos servizos básicos.

3. Proxectos de apoio ao desenvolvemento da educación do consumidor na escola nos que se recolla, entre outros, a formación do profesorado e das ANPAS, a elaboración de materiais didácticos, o apoio ao desenvolvemento de proxectos curriculares nos centros, especialmente os temas referidos á publicidade, dereitos dos consumidores, novas tecnoloxías da comunicación e a información, consumo responsable, solidario e ético, sen prexuízo doutros temas relacionados co consumo.

4. Proxectos relacionados coa poboación moza e, en especial, os que teñan por obxectivo a incorporación da mocidade ás asociacións de consumidores.

5. A realización de estudos de campo sobre produtos ou servizos, en especial os relacionados coa vivenda, o sobreendebedamento, liberalización de servizos, enerxía, transporte, tecnoloxías da información e comunicación e servizos financeiros.

6. Desenvolvemento de plans formativos, en especial, os dirixidos a colectivos vulnerables como os discapacitados, inmigrantes e persoas con carencias en materia económica e/ou educativa.

7. Realización de campañas informativas a través de distintos soportes como folletos, guías, libros ou material multimedia.

Non poderán ser subvencionadas actividades puntuais como charlas, coloquios, xornadas e conferencias que non formen parte dun proxecto.

No desenvolvemento das actividades os gastos relativos á restauración e catering non poderán superar o 20 % do total da actividade.

O pagamento aos relatores das accións formativas farase por medio de factura con desconto do IRPF correspondente. En ningún caso se financiará a entrega dun agasallo como pagamento.

Financiarase un máximo de 2 proxectos por organización, aos que se adscribirán as distintas actividades que se programen.

Artigo 5º.-Contía máxima da axuda.

O Instituto Galego de Consumo, concederalles axudas ás organizacións de consumidores de Galicia por un importe total de cento noventa mil euros (190.000 euros), con cargo á aplicación orzamentaria 08.50.343.A.780.0 en que existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos do Instituto Galego de Consumo do ano 2005.

A axuda que, se é o caso, se outorgue non superará en ningún caso o 70% do custo total dos gastos obxecto de financiamento.

Artigo 6º.-Solicitude e documentación.

1. O prazo para a presentación das solicitudes será de 40 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As solicitudes, segundo modelo do anexo I, para as axudas económicas previstas nesta resolución, dirixiranse aos servizos provinciais ou centrais do Instituto Galego de Consumo, sendo en todo caso de aplicación o disposto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa actual redacción; inclúense os rexistros dos concellos que teñan suscrito convenio de colaboración para a implantación dun sistema intercomunicado de rexistro coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Non será necesaria a presentación de todos aqueles documentos que consten en poder da Xunta de Galicia, debendo indicar o solicitante, co obxecto da súa rápida localización, a unidade administrativa en que se atopan.

4. As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

a) Certificación do/a secretario/a da organización, co visto e praxe do/a presidente/a pola que se acolle á axuda, coa expresión da cantidade exacta solicitada onde figuren os gastos susceptibles de financiamento desagregados. (Anexo II).

b) Certificación do concello onde se faga constar a poboación de feito do municipio.

c) Certificación do/a secretario/a da organización, co visto e praxe do/a presidente/a da organización referente ao conxunto de todas as solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas, obxecto desta convocatoria, por outras administracións públicas ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. (Anexo III).

d) Declaración responsable de non estar incurso nalguna das circunstancias previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. (Anexo IV).

e) Acreditar que está ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

f) Certificación do/a secretario/a acreditando o número de socios/as exixido, e o orzamento mínimo para ser beneficiario destas axudas de acordo co establecido no punto 1 do artigo 3º desta resolución. (Anexo V).

5. Documentación específica que hai que presentar nos distintos proxectos:

1. Asesoramento e asistencia técnica mediante a creación e apoio de gabinetes xurídicos para a prestación de servizos en materia de consumo. No caso destes proxectos será exixible, ademais do anterior:

* Certificación do/a presidente/a da organización en que se faga constar o horario en que a oficina permanece aberta ao público para atender os consumidores, a súa ubicación e metros cadrados do espazo físico dedicado a ela. (Anexo VI).

* Copia do contrato que acredite o persoal dedicado á atención do gabinete xurídico con expresión concreta sobre o vínculo contractual coa organización, tipo de persoal, duración do contrato e número de horas dedicadas diariamente a prestar o servizo de gabinete xurídico.

* Titulación, cursos, seminarios e calquera outro documento xustificativo que acredite a formación específica en materia de consumo do persoal que realizará a actividade obxecto da subvención.

2. Proxectos que contribúan a incrementar o número de adhesións ao Sistema Arbitral de Consumo e, en especial, en sectores de gran relevancia social, como é o caso dos servizos básicos. Neste suposto, achegarase ademais unha memoria do proxecto que se vaia realizar en que se faga constar:

-Obxectivos que se perseguen

-Sector empresarial ao que vai dirixida a acción.

-Descrición polo miúdo de cada unha das accións que se vaia realizar dentro do proxecto.

-Ámbito territorial e calendario previsto de realización das actividades.

-Recursos materiais e humanos con especificación polo miúdo de ambos.

-Establecemento de indicadores de avaliación que permitan valorar o grao de cumprimento dos obxectivos previstos.

-Orzamento dos gastos desagregado por cada un dos conceptos.

3. Proxectos de apoio ao desenvolvemento da educación do consumidor na escola en que se recolla, entre outros, a formación do profesorado e das ANPAS, a elaboración de materiais didácticos, o apoio ao desenvolvemento de proxectos curriculares nos centros, especialmente os temas referidos á publicidade, dereitos dos consumidores, novas tecnoloxías da comunicación e a información, consumo responsable, solidario e ético, sen prexuízo doutros temas relacionados co consumo. Xunto coa solicitude xuntarase a seguinte documentación:

a) Memoria descritiva en que se faga constar os seguintes puntos:

-Título do proxecto.

-Obxectivos que se perseguen.

-Destinatarios a que van dirixidas as distintas actividades indicando o número previsto e, no caso de ser alumnado, o nivel educativo.

-Descrición polo miúdo das actividades que se van realizar e centros escolares en que se van desenvolver, así como o número de horas da formación e as datas de realización e calendario previsto para cada unha delas.

-Contidos que se van impartir e metodoloxía prevista.

-Relación dos medios materiais e recursos humanos destinados ás distintas fases do proxecto, coa descrición da formación específica en materia de educación do consumidor do persoal que vai realizar as actividades de formación.

-Descrición, de ser o caso, de soportes e recursos que se van utilizar para a realización de materiais e xogos didácticos.

-Establecemento de indicadores de avaliación para as distintas actividades que permitan coñecer o cumprimento dos obxectivos previstos, e descrición dos instrumentos de avaliación que se van utilizar.

-Orzamento previsto desagregando cada un dos conceptos, indicando o custo medio por beneficiario e hora de formación.

b) Informe favorable da dirección do centro escolar da realización das actividades e, de ser o caso, da ascrición ao proxecto dun/ha profesor/a responsable.

4. Proxectos relacionados coa mocidade e, en especial, os que teñan por obxectivo a incorporación da xuventude ás asociacións de consumidores.

Presentarase unha memoria que conteña os seguintes aspectos:

-Título do proxecto.

-Obxectivos perseguidos.

-Descrición das actividades que se van realizar.

-Ámbito territorial e calendario de realización das actividades.

-Descrición dos recursos materiais e humanos previstos en cada unha das actividades propostas.

-Orzamento desagregado por conceptos, indicando o custo previsto por beneficiario.

-Establecemento de indicadores de avaliación que permitan medir o grao de eficacia e eficiencia na consecución dos obxectivos previstos.

5. A realización de estudos de campo sobre produtos ou servizos e en especial os relacionados coa vivenda, o sobreendebedamento e a liberalización de servizos como enerxía, transporte, tecnoloxías da información e comunicación e servizos financeiros.

Memoria en que se faga constar:

-Título do proxecto.

-Ámbito territorial e calendario previsto de realización.

-Descrición polo miúdo coas características técnicas do estudo que se vai realizar e os soportes en que se vai presentar o resultado final.

-Descrición dos medios materiais e humanos previstos, indicando no caso do persoal que realizará o estudo, a cualificación técnica para a realización del.

-Orzamento desagregado polos distintos conceptos.

-Indicadores de avaliación que permitan coñecer o grao de consecución dos obxectivos previstos.

6. Desenvolvemento de plans formativos, en especial, os dirixidos a colectivos vulnerables en especial aos discapacitados, inmigrantes e persoas con carencias en materia económica e/ou educativa.

Presentarase unha memoria que abrangue os seguintes aspectos:

-Título do proxecto e xustificación del.

-Colectivos aos que vai dirixido con expresión das súas características. Ámbito territorial.

-O Lugar, as datas e o calendario de realización das distintas actividades.

-Descrición polo miúdo das actividades previstas indicando os contidos que se van impartir e a metodoloxía que se vai utilizar.

-Descrición dos medios materiais necesarios para impartir as actividades.

-Persoal que vai impartir a formación, e cualificación del.

-No caso de realizar a actividade en colaboración con outra organización ou ONG, indicar o grao de participación de cada unha na realización das actividades e o aspecto económico.

-Orzamento desagregado polos distintos conceptos, con indicación do custo previsto por beneficiario.

-Criterios de avaliación e indicación dos instrumentos previstos para cada unha das actividades previstas.

7. Realización de campañas informativas a través de distintos soportes como folletos, guías, libros ou material multimedia.

Presentarase ademais unha memoria que abrangue os seguintes aspectos:

-Nome da campaña informativa datas de realización e soporte en que se vai levar a cabo.

-Obxectivos perseguidos.

-Destinatarios aos que vai dirixido.

-Nº de exemplares previsto e forma de distribución.

-Contidos que se van tratar.

-Orzamento previsto para os distintos conceptos.

-Indicadores do grao de eficacia e eficiencia da acción que se vai realizar a medio prazo.

Artigo 7º.-Criterios de outorgamento das axudas.

As axudas ás organizacións de consumidores outorganse, en orde decrecente, atendendo aos criterios cos pesos específicos seguintes:

1. A calidade do proxecto atendendo ao rigor co que se diagnosticase a necesidade da acción proposta, ámbito demográfico e territorial, e a implantación dun sistema de indicadores que permita valorar o grao de eficacia e eficiencia na realización dos obxectivos previstos nel (45%).

2. A innovación no deseño do proxecto, no tratamento dos temas, e nos materiais que se prevexan (25%).

3. Investimento previsto no proxecto e o custo medio por beneficiario (20%).

4. Número de socios da organización. Só se computarán como socios para estes efectos, os acreditados a través de organizacións debidamente inscritas no Rexistro de Organización de Consumidores e Usuarios (10%).

Artigo 8º.-Instrución e resolución.

1. O órgano competente para a instrución dos expedientes de axudas aos que fai referencia esta resolución será o xefe do Servizo de Información e Educación.

2. Conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se a solicitude de axuda non reúne os requisitos exixidos nesta resolución e na correspondente convocatoria, o interesado será requirido para que nun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte á recepción do dito requirimento, rectifique a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se non o fixese, se procederá conforme o que determina o artigo 42.1º da citada lei.

3. O órgano encargado da instrución do procedemento ao que fai mención o punto 1 deste artigo, realizará de oficio cantas actuacións coide necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formalizarse a proposta de resolución.

4. Revisados os expedientes e completados, se é o caso, o órgano instrutor deberá emitir, como paso previo á valoración, un informe relativo ao cumprimento dos requisitos que para os solicitantes se establecen no artigo 3º desta resolución.

5. Unha vez as solicitudes contén co informe do órgano instrutor, procederá a valoración das solicitudes por unha comisión de avaliación, constituída expresamente e que estará formada pola xerente do Instituto Galego de Consumo, que a preside; a xefa do Servizo de Información e Educación, que actuará como secretaria e composta polo xefe do Servizo

de Protección ao Consumidor e polos xefes dos servizos provinciais de Consumo.

A citada comisión quedará validamente constituída sempre que asistan a ela o seu presidente, ou persoa en que delegue, un vogal e o secretario. Os acordos serán adoptados por unanimidade.

6. O presidente do Instituto Galego de Consumo ditará a resolución de concesión ou denegación da axuda solicitada.

7. Sen prexuízo dos recursos a que houbese lugar e co ánimo de optimizar a tramitación dos expedientes, o beneficiario da axuda deberá aceptala no prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa notificación. No caso de non ser aceptada a axuda, procederase de conformidade co establecido no artigo 42.1º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A aceptación da axuda formalizarase mediante un documento asinado polo beneficiario no que se compromete a cumprir todas as condicións establecidas nesta resolución e na resolución de concesión da axuda. (Anexo VII).

8. As resolucións de concesión ou denegación das axudas serán motivadas, de acordo cos criterios de outorgamento, e notificaránselles aos interesados e porán fin á vía administrativa.

As resolucións estimatorias das solicitudes de concesión de axudas expresarán, polo menos, o obxecto e importe do gasto subvencionado, a porcentaxe da axuda concedida e a contía desta.

9. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses. O prazo empezará a computar a partir da publicación no DOG desta resolución.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución, lexítima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Artigo 9º.-Anticipos.

De acordo co artigo 16 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán realizar anticipos de pagamentos das axudas, nos casos e coas condicións seguintes:

Con carácter excepcional e por resolución motivada da consellería correspondente ou do órgano superior da entidade concedente, poderase autorizar un anticipo de ata o 50% da anualidade naqueles casos en que o investimento exixa pagamentos inmediatos.

Artigo 10º.-Modificación da resolución.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos

ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario. Os requisitos que deberán cumprirse son os seguintes:

a) Que a actividade, conduta ou modificación estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, no supuxesen a denegación da axuda.

3. O acto polo que se acorde a modificación da resolución, ou, se é o caso, se denegue, será ditado polo órgano concedente, logo de instrución do correspondente expediente en que se dará audiencia aos interesados na forma prevista no artigo 9.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 11º.-Obrigas do beneficiario.

Son obrigas do beneficiario:

a) Realizar a actividade nas condicións que fundamentaron a concesión da subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que vaia efectuar o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lles fose requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicar a entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Poñer á disposición do IGC calquera información ou documentación que se lle solicite, especialmente a destinada a comprobar os datos facilitados polas organizacións para a obtención de axudas.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos recollidos no punto 10 do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

g) No caso de proxectos do punto 1 do artigo 4º desta resolución (asesoramento e asistencia técnica mediante o apoio e a creación de gabinetes xurídicos para a prestación de servizos en materia de consumo)

as organizacións deberán exhibir, de forma visible, no lugar que atendan os consumidores, un cartel informativo en que figure o patrocinio do Instituto Galego de Consumo, de acordo co modelo normalizado que se facilitará por este organismo debendo a organización remitir unha fotografía del ao Instituto Galego de Consumo, no prazo dun mes desde a remisión do modelo, co fin de acreditar o cumprimento da antedita obriga.

h) Para o resto dos proxectos subvencionados deberá remitir o programa correspondente polo menos 72 horas antes do inicio da actividade, en que figure de xeito destacado o patrocinio do IGC.

Na difusión das actividades en medios de comunicación públicos ou privados deberá indicarse o patrocinio do IGC, debendo enviar a este organismo unha copia no soporte elixido para a difusión.

No caso de que na programación figure o patrocinio doutros organismos ademais do IGC, deberá xustificar as condicións de participación de cada un deles.

Artigo 12º.-Xustificación e pagamento.

1. A data límite para xustificar o correspondente investimento será o 30 de outubro do ano para o que se outorgan as axudas. Para iso o beneficiario deberá presentar a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, a seguinte documentación acreditativa:

a) Certificación do/a secretario/a da organización, co visto e prace do/a presidente/a, sobre o total dos gastos efectuados. (Anexo VIII).

b) Relación numerada e circunstanciada das facturas ou xustificantes dos gastos realizados, obxecto de subvención. (Anexo IX)

c) Facturas ou xustificantes de pagamentos orixinais, emitidos a nome da organización beneficiaria e correspondentes ao ano 2005. Neles quedará reflectido de xeito expreso que o seu pagamento foi efectuado.

d) Certificación da conta bancaria en que conste o código do banco, código da sucursal, dígito de control e código da conta corrente, onde deba realizarse o pagamento, expedida pola entidade bancaria.

e) Certificación do/a secretario/a da organización, co visto e prace do/a presidente/a do conxunto de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas, obxecto desta convocatoria, por outras administracións públicas ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais desde a data da concesión da axuda. (Anexo III).

f) Por cada un dos proxectos realizados presentárase unha memoria descritiva en que como mínimo se reflectirá o obxecto e xustificación do proxecto, ámbito demográfico e territorial, destinatarios, descrición polo miúdo do desenvolvemento de cada unha das actividades realizadas dentro do proxecto, calendario de realización e os recursos humanos e mate-

riais empregados facendo relación de cada un deles así como o resultado da avaliación tendo en conta os indicadores de eficacia e eficiencia establecidos no deseño inicial da actividade.

g) Por cada un dos proxectos presentárase unha memoria económica en que deberá constar como mínimo o custo total do proxecto, e a desagregación dos seguintes conceptos: pagamento (custo por hora de actividade) dos relatores ou persoal de execución da actividade; custo dos medios materiais (locais, equipamentos técnicos, imprenta, reprografía, etc.); desprazamentos, aloxamentos e mantenza no caso que os houbera; custo medio por beneficiario e custo medio por hora de formación. Subvención concedida e achega da organización así como a participación económica doutras organizacións patrocinadoras.

h) No caso de que a axuda supere os 1.500 euros deberá presentar certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendente o pagamento de ningunha débeda por ningún cocepto coa administración pública da Comunidade Autónoma galega. Non será necesario achegar estes certificados se o solicitante autoriza expresamente para que os seus datos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Consellería de Economía e Facenda, así como da Seguridade Social, sexan obtidos polo Instituto Galego de Consumo. (Anexo X).

i) No caso de proxectos do punto 1 do artigo 4º desta resolución (asesoramento e asistencia técnica mediante o apoio e a creación de gabinetes xurídicos para a prestación de servizos en materia de consumo) será exixible, ademais:

* Unha fotografía do cartel a que se refire o artigo 11º g) desta resolución.

* Copia compulsada do contrato que acredite o persoal dedicado á atención do gabinete xurídico con expresión concreta sobre o vínculo contractual coa organización, tipo de persoal, duración do contrato e número de horas dedicadas diariamente a prestar o servizo de gabinete xurídico.

* Titulación, cursos, seminarios e calquera outro documento xustificativo que acredite a formación específica en materia de consumo do persoal que realizará a actividade obxecto da subvención.

* Todos os materiais producidos no desenvolvemento dos proxectos deberán remitirse ao IGC xunto coa xustificación en soporte dixital en formato PDF. No caso de haber imaxes o formato será JPG.

2. Os órganos competentes do Instituto Galego de Consumo poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación da inversión que consideren convenientes. No caso de que non fosen remitidos polo beneficiario dentro do prazo que se sinale, procederá de acordo ao establecido no artigo 42 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, a axuda reducirase proporcionalmente, mantendo constante a porcentaxe de subvención respecto ao investimento.

Artigo 13º.-Réxime de recursos.

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta resolución esgotarán a vía administrativa e contra elas caberá interpoñer:

a) Recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou ou debeu ditálas no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo sexa o caso.

b) Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente á circunscrición do órgano que ditou ou debeu ditar a resolución, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, se é o caso, calquera outro, que estimen procedente.

Artigo 14º.-Concorrenza de axudas e subvencións públicas.

O importe das axudas e subvencións reguladas nesta resolución en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas e subvencións supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 15º.-Reintegro das axudas.

1. Non se poderá exixir o pagamento da axuda concedida e procederá o reintegro total ou parcial da contía percibida xunto cos xuros de demora percibidos desde o seu pagamento nos casos seguintes:

a) Incumprimento da obriga de xustificación o xustificación insuficiente nos termos do artigo 30 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a impidan.

c) Incumprimento da finalidade ou no adopción do comportamento para a que foi concedida a axuda.

d) Incumprimento das condicións impostas ao beneficiario con motivo da concesión da axuda o subvención.

e) Nos restantes supostos previstos no punto 10 do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

2. Así mesmo, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos nos que o importe da axuda, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas de outras administracións públicas ou de outras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere a porcentaxe máxima da inversión subvencionada que se estableza.

3. O procedemento de reintegro tramitarase segundo o establecido no artigo 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

4. As cantidades que os beneficiarios deban reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 16º.-Fiscalización e control.

A concesión das axudas e subvencións reguladas nesta resolución estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nos termos que establece o capítulo V do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 17º.-Réxime sancionador.

As infraccións administrativas cometidas en relación coas axudas reguladas nesta resolución sancionaranse de conformidade co disposto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 18º.-Publicidade.

Unha vez ultimada a concesión das axudas publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* a relación das concedidas con indicación da entidade beneficiaria, contía e finalidade da axuda.

Disposición adicional

No non previsto nesta resolución atenderase ao establecido nos artigos 78 e 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Disposición derradeira

Facúltase o presidente do Instituto Galego de Consumo para que dite as disposicións necesarias para a aplicación do disposto nesta resolución.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2005.

Víctor Tello Calvo
Presidente do Instituto Galego de Consumo

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
 INDUSTRIA E COMERCIO

PROCEDEMENTO AXUDAS ÁS ORGANIZACIÓNS DE CONSUMIDORES E USUARIOS PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE MELLORA DO MERCADO EN RELACIÓN COS INTERESES DOS CONSUMIDORES E USUARIOS PARA O ANO 2005	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN107B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

ORGANIZACIÓN		CIF	
ENDEREZO		CONCELLO	CÓDIGO POSTAL
POBOACIÓN	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX

E, na súa representación:

APELIDOS	NOME
EN CALIDADE DE	

IMPORTE SOLICITADO

Importe total solicitado	EUROS
--------------------------------	-------

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITO DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
-----------------	--------------------	-------------------	--------------------------

DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN

- CERTIFICADO DO/A PRESIDENTE/A DA ORGANIZACIÓN COA EXPRESIÓN DOS GASTOS DESAGREGADOS (ANEXO II).
- CERTIFICACIÓN DO CONCELLO ONDE SE FAGA CONSTAR A POBOACIÓN DE FEITO DO MUNICIPIO.
- DECLARACIÓN DO/A PRESIDENTE/A DA ORGANIZACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES DE AXUDAS REALIZADAS OU CONCEDIDAS, OBXECTO DESTA CONVOCATORIA, POR OUTRAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS OU ENTES PÚBLICOS OU PRIVADOS NACIONAIS OU INTERNACIONAIS (ANEXO III).
- DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN NINGUNHA DAS CIRCUNSTANCIAS DO ARTIGO 13 DA LEI 38/03, XERAL DE SUBVENCIÓNS (ANEXO IV).
- ACREDITAR QUE SE ESTÁ AO CORRENTE DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS ESTATAIS, AUTONÓMICAS E DA SEGURIDADE SOCIAL.
- CERTIFICADO DO SECRETARIO/A DO NÚMERO DE SOCIOS/AS E O ORZAMENTO MÍNIMO PARA SER BENEFICIARIO DAS PRESENTES AXUDAS DE ACORDO CO ESTABLECIDO NO PUNTO 1 DO ARTIGO 3º DA PRESENTE RESOLUCIÓN (ANEXO V).
- CERTIFICADO DO/DA PRESIDENTE/A DA ORGANIZACIÓN EN QUE SE FAGA CONSTAR O HORARIO EN QUE A OFICINA DE ATENCIÓN AO CONSUMIDOR DA ORGANIZACIÓN PERMANECE ABERTA AO PÚBLICO, A LOCALIZACIÓN E OS METROS CADRADOS DO ESPAZO FÍSICO DEDICADO A ELA (ANEXO VI).
- DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA DOS PROXECTOS.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 21 de febreiro de 2005 pola que se convoca e regula a concesión de axudas ás organizacións de consumidores para a realización de proxectos de mellora do mercado en relación cos intereses dos consumidores e usuarios para o ano 2005.</i>
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA _____, de _____ de 2005 <i>Presidente do Instituto Galego de Consumo</i>

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

ANEXO II

ORGANIZACIÓN _____

Don / Dona _____, presidente/a da organización citada

CERTIFICO: que con data _____ esta organización decidiu formular ante o Instituto Galego de Consumo a correspondente solicitude de financiamento para o/s seguinte/s proxectos:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO: ⁽¹⁾ _____

GASTOS SUBVENCIONABLES POR CONCEPTOS	FINANCIAMENTO	
	ACHEGA ORGANIZACIÓN	AXUDA SOLICITADA
1.- GASTOS DE PERSOAL	_____	_____
2.- INFRAESTRUTURAS E MATERIAIS	_____	_____
3.- OUTROS	_____	_____
TOTAL	_____	_____

O/A presidente/a _____, de _____ de 200__

O/A Secretario/a

⁽¹⁾ Presentarase este anexo por cada un dos proxectos

ANEXO III

ORGANIZACIÓN _____

DECLARACIÓN DE AXUDAS OBTIDAS OU SOLICITADAS

Don / Dona _____, presidente/a da citada organización.

DECLARO:

- Que esta organización non solicitou doutros organismos axudas coa mesma finalidade.
- Que esta organización non obtivo doutros organismos ningunha axuda coa mesma finalidade.
- Que esta organización solicitou ou obtivo as axudas que se detallan a seguir, aínda que non teñan a mesma finalidade.

DENOMINACIÓN DO PROXECTO SUBVENCIONADO	ORGANISMO	ORZAMENTO	AXUDA SOLICITADA	AXUDA OBTIDA
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____
TOTAL		_____	_____	_____

_____, de _____ de 200__

O/A presidente/a
(sinatura)

*ANEXO IV***CERTIFICACIÓN DE NON ESTAR INCURSO NAS CIRCUNSTANCIAS DO ARTIGO 13, DA LEI 38/2003, DO 17 DE NOVEMBRO, XERAL DE SUBVENCIONS**

Don / Dona _____ presidente/a da
organización _____

CERTIFICO: que a organización citada non está incurso en ningunha das circunstancias previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido esta certificación, que visa o/a secretario/a desta organización, o día ____ de _____ de 200__

Visto e prace do/a presidente/a

Sinatura

O/A secretario/a

ANEXO V

D / D^a _____ secretario/a da asociación citada

CERTIFICA: que o número de socios da asociación á data da sinatura ascende a _____, sendo a cota de cada socio de _____ €, e recadándose por este concepto ao longo do ano anterior a cantidade de _____ €. A cota establecida para este ano será de _____ €.

E para que así conste, para os efectos oportunos, asínoa co visto e prace do/a presidente/a.

_____, ____ de _____ de 200__

Visto e prace
O/A presidente/a

O/A secretario/a

ANEXO VI

D / D^a _____ presidente/a da
organización _____

CERTIFICA QUE:

1º.- O horario en que o gabinete de asesoramento ao consumidor permanece aberto ao público é _____
_____, a localización do Gabinete de Asesoramento é _____
_____ e o espazo dedicado a el é de _____ m².

E para que conste, para os efectos oportunos, asínoa a presente certificación en:

_____, ____ de _____ de 200__

O/A presidente/a